



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 24-12-2022

Data final de exposición: 27-01-2023

O Porriño, a de de

DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

Visto o expediente nº 665/2022 relativo ao proceso de selección para o nomeamento de dous traballadores/as sociais, con carácter de funcionarios/as interinos/as, para a execución do programa de carácter temporal, subvencionado ao abeiro do Decreto 99/2012, de 16 de marzo polo que se regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (expediente: BS623A 2021/000290-0), denominado “Programa de información, orientación, asesoramento e xestión de novas prestacións e recursos xurdidos doutras administracións para dar resposta as necesidades dos cidadáns, dentro do departamento de Servizos Sociais Comunitarios”, de carácter temporal de duración determinada, que non responde a necesidades permanentes, e que se prevé teña unha duración inicial de seis meses.

Tendo en conta a proposta de nomeamento formulada polo tribunal da devandita selección a esta Alcaldía, e que unha das persoas propostas presentou a súa renuncia ao nomeamento obxecto da selección procedeuse, de conformidade coas Bases que rexen o proceso selectivo, ao chamamento da persoa que por orde de puntuación lle correspondía.

Tendo en conta que dona LUCÍA GONZÁLEZ LAGO, por escrito con número de rexistro 2022-E-RE-7266 de data 09/12/2022 e dona NELIA BRUÑA SANCHEZ por escrito con número de rexistro 2022-E-RE-7548 de data 20/12/2022 presentaron a documentación a que se refire a base 13ª das Bases que regulan o proceso selectivo para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para poder ser nomeadas funcionarias interinas por programa.

Esta Alcaldía de conformidade coas Bases que rexen a selección, co artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TRLEBEP), co artigo 23.2.c) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante LEPG) e coas atribucións conferidas polo artigo 21 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e co disposto no artigo 41.14. d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro e demais normativa de aplicación,

RESOLVE:

Primeiro.- Nomear a LUCÍA GONZALEZ LAGO, con DNI ***6068** e a NELIA BRUÑA SANCHEZ, con DNI ***7639**, funcionarias interinas, traballadoras sociais, asimiladas ao grupo A, subgrupo A2, para a execución do programa de carácter temporal, que non responde a necesidades permanentes denominado “Programa de información, orientación, asesoramento e xestión de novas prestacións e recursos xurdidos doutras administracións para dar resposta as necesidades dos cidadáns, dentro do departamento de Servizos Sociais Comunitarios”.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (1 para 2)
Alcalde do Porriño
Data de Sinatura: 21/12/2022
HASH: dfe4a17900908b1e38065659568225a



Eduardo Pereira Fernández (2 para 2)
Secretario Xeral
Data de Sinatura: 21/12/2022
HASH: 7a51828c11e6b41028db641e67e6b73



DECRETO
Número: 2022-3166 Data: 21/12/2022



Cod. Validación: 5A3FW5SR2K6HOSKXP6FT2MEF | Corrección: https://oporriño.sedelectronica.gal/
Documento firmado electrónicamente según la Ley 39/2016 de Procedimiento Administrativo Común y la Ley 38/2015 de Transparencia y Acceso a la Información Pública



Concello do Porriño

Segundo.- As retribucións salariais serán as que establece a táboa retributiva, que é de aplicación ao persoal funcionario interino por programa, fixadas no apartado 14, da modificación do Acordo Regulador das Condicións de Emprego do Persoal Funcionario do Concello do Porriño, publicada no BOPDEPO nº 246, de 26-12-2013, na cantidade máxima anual coas pertinentes actualizacións para un grupo A, subgrupo A2, que percibirán en 14 mensualidades, das que doce son ordinarias e dúas pagas extraordinarias.

Terceiro.- Prevese unha duración inicial do programa de seis meses, podendo prorrogarse previa resolución do órgano competente en función do grao de execución do mesmo e da existencia de consignación orzamentaria suficiente.

Cuarto.- Os efectos serán desde a toma de posesión que se sinala para o día 23-12-2022, cesando, ademais de polas causas previstas no artigo 10 e 63 do TRLEBEP e artigos 24 e 64 da LEPG, ou por calquera outra causa de perda de relación de servizo prevista na normativa de aplicación aos empregados públicos, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Quinto.- Serán afiliadas e dadas de alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social con data 23-12-2022, en consecuencia, procederase a ingresar as correspondentes cotizacións polas continxencias correspondentes.

Sexto.- Notificar esta resolución ás interesadas, pasar unha copia da mesma á Intervención e Tesourería deste Concello para os efectos procedentes.

Documento asinado dixitalmente na marxe.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

DECRETO
Número: 2022-3166
Data: 21/12/2022



Cod. Validación: 5A3FW5R9ZK6HQSKXP6FT2MEF | Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado dixitalmente na marxe.